


Doc. 1 A mortalidade infantil.

A nosa familia non cesaba de aumentar e o berce estaba constantemente ocupado, aínda que, aí, a man estranguladora da morte arrincáranos del algún dos seus pequenos ocupantes. [...] A maior das miñas fillas, Cristina Sofía, non viviu máis que ata a idade de tres anos, e tamén o meu segundo fillo, Cristián Gottlieb, morreu á mesma tenra idade. Ernesto Andrés non viviu máis ca uns poucos días, e a nena que o seguiu, Rexina Xoana, tampouco chegara ao seu quinto aniversario cando deixou este mundo. Cristina Benedicta, que viu a luz un día despois ca o Neno de Belén, non puido resistir o cru inverno e deixounos antes de que o Ano Novo chegase ao seu cuarto día. [...] Cristina Dorotea non viviu máis ca un ano e un verán, e Xoán Augusto non viu a luz máis que durante tres días. Así perdemos sete dos nosos trece fillos [...].

ESTHER MEYNEL, *A pequena crónica de Ana Magdalena Bach*, 1925

- De cada dez nenos nados na Europa do Antigo Réxime, cantos chegaban a adultos?
- Como influía este feito no crecemento da poboación?



Doc. 2 Evolución da poboación nos séculos XVII e XVIII.

- En que países de Europa aumentou máis a poboación entre 1600 e 1800?

1 Poboación, economía agraria e réxime señorial

1.1. A transición demográfica

A Europa do Antigo Réxime presentaba un réxime demográfico* antigo caracterizado por unha natalidade e unha mortalidade (xeral e infantil) moi elevadas, polo que a poboación medraba pouco. (Doc. 1)

Durante a Idade Moderna a poboación europea atravesou tres fases. No século XVI a poboación experimentou un crecemento moderado. O XVII foi un século de crise, debido ás guerras, ás epidemias e á fame, o que produciu un estancamento en case todo o continente. Durante o século XVIII, a poboación europea experimentou un notable crecemento, sobre todo na segunda metade. (Doc. 2) Este aumento foi consecuencia de que as taxas de natalidade continuaron sendo moi altas (arredor do 40%), pero a mortalidade descendeu do 40-50% a un 20-25%. A mortalidade diminuíu por catro motivos: as guerras do século XVIII foron menos mortíferas, producíronse menos epidemias, reducíronse as malas colleitas e mellorou a dieta alimenticia.

Na segunda metade do século XVIII modificouse o réxime demográfico en Europa e pasouse nalgúns países do occidente europeo a unha nova etapa caracterizada pola expansión continua da poboación. Como había máis xente, aumentou a demanda de produtos básicos de consumo (alimentos e vestido), o que favoreceu o crecemento económico.

1.2. Unha economía preindustrial de base agraria

Durante a Idade Moderna, Europa mantivo unha economía preindustrial, é dicir, o sector máis importante era o primario. Máis do 80% da poboación habitaba no campo e dedicábase á agricultura e á gandaría. Pero a agricultura era moi pouco produtiva, polo que a gran maioría dos campesiños vivía en condicións de escaseza, incluso de miseria. A baixa produtividade da agricultura debíase ao atraso tecnolóxico, á estreita dependencia dos fenómenos naturais (secas, inundacións, xeadas, pragas) e ao predominio da propiedade señorial da terra, parte da cal quedaba sen cultivar.

Esta pobreza xeneralizada contrastaba, desde o século XVII, con áreas de Europa que experimentaron certa modernización: os Países Baixos, o norte de Francia e o sur de Inglaterra.

No continente déronse dous sistemas principais de explotación agrícola:

- Os campos abertos (*openfield*) eran grandes extensións de terreo sen valados, que podían ser de propiedade individual ou colectiva. Dedicábanse ao cultivo de cereais fundamentalmente. Foi o sistema predominante en case toda Europa, sobre todo no sur e no leste.
- Os campos pechados (*bocage*) eran parcelas pequenas delimitadas por valados ou sebes, con cultivos diversificados. Era a paisaxe agraria típica da Europa atlántica (illas británicas e norte de Francia).

En toda Europa existían terras de propiedade comunal, das que se beneficiaban todos os habitantes das aldeas ou das vilas e que adoitaban ser zonas de bosques e pasteiros para o gando.



Doc. 3 Granxa en San Leucio,
por Jacob Philipp Hackert.
Traballos de seitura no século XVIII.

► Que ferramentas agrícolas manexan os campesiños que aparecen nesta pintura?

O limitado desenvolvemento da **gandaría** non permitía a produción de carne e leite para alimentar a poboación, que tiña unha dieta composta, sobre todo, de cereais.

O réxime señorial

Boa parte da terra era **propiedade dos señores feudais**, que podían ser laicos ou eclesiásticos e as súas posesións recibían o nome de **señoríos**. Os señoríos podían ser de dous tipos:

- **Señorío territorial:** o señor posuía a propiedade da terra. Neste caso os campesiños debían pagar ao señor unhas rendas pola explotación das súas parcelas.
- **Señorío xurisdiccional:** o señor exercía a xustiza, nomeaba cargos ou percibía impostos polo uso dos monopolios señoriais (forno, muíño, bodega, pasos, etc.) dun territorio. Este dereito permitíalle ao señor ter inmunidade respecto ao poder do rei.

Ambas as formas de dominio déronse con frecuencia de xeito simultáneo.

As cargas impositivas sobre os campesiños no réxime señorial

Os campesiños europeos pagaban moitos impostos durante o Antigo Réxime:

- Aboaban **ao rei** impostos directos sobre as rendas e outros indirectos que se pagaban como un suplemento do prezo de moitos produtos, especialmente os de primeira necesidade.
- Pagaban **aos señores** polo dereito de explotación da terra e por outros dereitos señoriais, como o uso dos muíños, pontes, almacéns de gran, etc. Algúns campesiños, ademais, tiñan a obriga de traballar gratis as terras do señor. (Doc. 4)
- Entregaban **ao clero** o décimo eclesiástico (10% da colleita).

Durante a Idade Moderna, **os impostos creceron de forma continua**, polo aumento das necesidades financeiras das monarquías, a causa das incesantes guerras e do incremento da burocracia. Aos impostos uníanse a baixa produtividade agrícola e os desastres naturais, que provocaban fames e subidas dos prezos. Estes factores a miúdo orixinaban **protestas campesiñas**, que case sempre acababan cunha dura represión e coa volta á orde anterior.

***Réxime demográfico:** Conxunto de pautas demográficas que segue unha poboación na súa evolución histórica. Recoñécense tres etapas: réxime demográfico antigo (natalidade e mortalidade elevadas); de transición, con dúas fases (alta natalidade e redución da mortalidade; caída da natalidade e baixa mortalidade); e moderno (baixas taxas de natalidade e mortalidade).



Doc. 4 O nobre é a araña e o campesiño é a mosca.

► Que representa esta imaxe?
Por que se di que o nobre é a araña e o campesiño é a mosca?



Doc. 5 Obradoiro de forxa.

- Que características da industria do Antigo Réxime reflicte a imaxe?

***Monopolio:** Dereito a explotar en exclusiva unha actividade económica.

Doc. 6 Interior do Banco de Inglaterra.

- Como se relacionan o desenvolvemento do comercio e o aumento das remesas americanas de metais preciosos?
- Como se xestou a banca moderna?



1.3. Unha industria pouco tecnificada

A continuidade do sistema gremial

A actividade manufactureira nas cidades estaba dirixida a agrupacións de artesáns de orixe medieval que controlaban o **monopolio*** toda a produción artesanal de cada oficio: a carteras primas que debía comprarse, o número de artesáns e das zonas de venda e ata o prezo final do produto. Para poder traballar os artesáns (carpinteiros, xastres, albaneis, ferreiros, etc.) daban o seu grado no seu correspondente gremio.

A artesanía tivo escasa innovación tecnolóxica ata a segunda metade do século XVIII. Os artesáns traballaban en **pequenos obradoiros** e realizaban todos os labores de produción, desde a materia prima ata a elaboración do produto final. (Doc. 5)

Novas formas de produción

Desde o século XVII desenvolveuse o **sistema de traballo doméstico (domestic system)** para escapar á regulación gremial. A través dun investidor capitalista compraba as materias primas e repartíasas nos fogares campesiños nos meses de descanso agrícola. Alí realizábase o produto e despois o investidor recollíao e comercializábao a un prezo que permitía aumentar a produción e reducir os prezos. Este sistema alcanzou o seu punto culminante no século XVIII pola expansión da. (Doc. 7)

Outros sistemas industriais na Europa do século XVIII foron as **fábricas patrocinadas polo Estado**, que en España recibíanse como manufacturas reais ou reais fábricas. Nelas non houbo innovación nin se usaron máquinas. O seu éxito foi escaso, salvo en produtos de luxo, como os tapices.

1.4. O comercio

O comercio foi o sector económico que máis desenvolveuse longo da Idade Moderna, especialmente o internacional.


A banca moderna

O desenvolvemento do comercio no século XVIII viuse favorecido pola circulación monetaria. A moeda de que dispoñía cada Estado dependía de metais preciosos (ouro e prata) que posuía. Tras a crise de mediados do século XVII, esta cantidade aumentou pola chegada de ouro e prata americanos (brasileiro e prata mexicana, principalmente). Esta achega favoreceu o desenvolvemento económico de Europa. As grandes beneficiadas foron Ámsterdam e Londres, as principais finanzas do século XVIII. O mundo financeiro estaba formado por familias e negocios que se transmitían de pais a fillos: os Brentani, Ciriachs, Bethmann e Rothschild eran algunhas delas. Proprietarios de compañías comerciais ultramarinas, tamén posuían bancos privados que realizaban préstamos ou comerciantes e acabaron dando lugar á banca moderna.


Cambio, préstamo e depósito, as actividades básicas da banca actual, estaban xa moi estendidas a finais da Idade Moderna. En 1609 creouse o Banco de Ámsterdam, dedicado ao cambio e ao depósito, pero non ao préstamo. Surgiron outros bancos municipais que acabaron converténdose en bancos. O primeiro banco estatal foi o Banco de Inglaterra, fundado en 1694.




Un empresario capitalista compra a materia prima aos produtores (agricultores e gandeiros) e entrégaa aos campesiños.



Os campesiños elaboran a mercadoría (todo ou parte) no seu domicilio nos meses de descanso agrario.



O empresario recolle o produto terminado e ocúpase de distribuír ou vender a mercadoría.



Doc. 7 Domestic system.

- En que se diferenciaban o *domestic system* e o sistema gremial?

O comercio interior

O comercio interior desenvolvíase en feiras anuais e mercados semanais. Mentres os **mercados** eran centros de comercio local ou rexional, as **feiras** abranguían intercambios nacionais e incluso internacionais.

Os mercados mantiveron o seu vigor como centros de intercambio a escala local, pero as feiras entraron en decadencia na segunda metade do XVII e foron substituídas por **lonxas ou centros de contratación**, onde o negocio era diario e as vendas se realizaban sobre mostras.

O gran comercio internacional


O comercio internacional viviu unha gran transformación na Idade Moderna pola **expansión colonial** e o **aumento da demanda**.

Moitos Estados europeos (España, Portugal, Francia, Inglaterra e as Provincias Unidas) conquistaron territorios fóra de Europa e crearon grandes imperios. Sempre que puideron, os Estados modernos estableceron **monopolios de comercio** coas zonas do mundo que dominaban.


Eses monopolios estaban controlados por **grandes compañías privilexiadas**, patrocinadas polos Gobernos, que se xeneralizaron no século XVII. Exemplos representativos foron as Compañías de Indias constituídas por Inglaterra, as Provincias Unidas e Francia. As compañías debían vender obrigatoriamente produtos do propio país, moi a miúdo das industrias protexidas, que cambiaban por metais preciosos, necesarios para sufragar os gastos estatais. No século XVII destacou a Compañía Holandesa das Indias Orientais, das Provincias Unidas. No século XVIII as grandes compañías foron as británicas.

ACTIVIDADES

1. **Define:** *openfield*, *bocage*, señorío territorial, señorío xurisdiccional e gremio.
2. **Compara** o réxime demográfico antigo e o réxime demográfico moderno en Europa. Para iso, baséate neste gráfico.



3. **Explica** por que na Idade Moderna os obradoiros elaboraban produtos máis caros ca a industria doméstica.
4. **Investiga** sobre a situación do campesiñado durante a Idade Moderna.



Doc. 12 Pirâmide da sociedade estamental.

- ▶ En que estamento se concentraba a maior parte da poboación?
- ▶ Podía ser un burgués membro dun estamento privilegiado?

Doc. 13 A actitude da nobreza ante o traballo.

O comercio, que enriqueceu os cidadáns en Inglaterra, contribuíu a facelos libres, e esta liberdade estendeu á súa vez o comercio, así formouse a grandeza do Estado. [...]

Todo isto dá un xusto orgullo a un mercador inglés [...]. Tampouco o irmán menor dun lord do reino desdénha o negocio. [...]

En Francia [...] o negociante oe falar tan a miúdo con desprezo da súa profesión que é o suficientemente parvo como para poñerse rubio con iso. Non sei, con todo, quen é máis útil a un Estado, un señor ben empoadado que sabe precisamente a que hora o rei se levanta, a que hora se deita, e que se dá aires de grandeza facendo o papel de escravo na antecámara dun ministro, ou un negociante que enriquece o seu país, que dá desde o seu despacho ordens ás cidades de Surat ou do Cairo, e que contribúe á felicidade do mundo.

VOLTAIRE, *Cartas filosóficas*, 1734

- ▶ En opinión de Voltaire, quen é máis útil para un país, un comerciante ou un nobre?

2 A sociedade dos privilexios

A sociedade europea do Antigo Réxime foi definida como aristocratizante, porque os valores do estamento* nobre eran os dominantes e a división social baseábase no privilexio xurídico.

A sociedade dividíase en tres estamentos, ou grupos sociais, con escasa mobilidade entre eles: a nobreza, o clero e o terceiro estado ou xente do común. (Doc. 12) Os dous primeiros estamentos, que constituían unha minoría da poboación, gozaban de grandes privilexios (non pagaban impostos directos, tiñan leis e tribunais propios), posuían as terras, dominaban os cargos da Administración, etc., mentres que a xente do común se ocupaba das actividades produtivas e só dispoñía da súa forza de traballo para sobrevivir.

Era unha sociedade baseada na desigualdade de orixe, pois naciase nun estamento e era moi difícil cambiar de posición social. Esta división social, rixida e desigual, xerou a oposición de certos grupos, entre os que botaron raíces ideas reformistas e revolucionarias, que estalaron en Francia no ano 1789. (Doc. 13)

2.1. Nobreza e aristocracia en Europa

O XVIII foi o século do ascenso burgués, pero tamén o do máximo auxo da nobreza europea. Unha persoa era considerada nobre porque tiña unha serie de privilexios por nacemento. Con todo, había gran diversidade de situacións: nobres moi ricos e moi pobres, nobres que ocupaban altos cargos e outros que non tiñan ningunha influencia.

O nivel máis alto da nobreza era a aristocracia, integrada polas grandes familias, as máis ricas e poderosas, ás que se reservaban os altos cargos da Administración e do Exército. En Rusia había señores que posuían centos de miles de servos.

Os aristócratas desprezaban os grupos inferiores e o traballo produtivo. (Doc. 13) Casaban entre eles, tiñan elevados ingresos derivados da posesión da terra, do comercio e das rendas señoriais e monopolizaban o Goberno.

Durante o século XVIII o poder da aristocracia medrou, mentres que a situación do resto da nobreza se debilitou. Isto favoreceu a sintonía de intereses entre a alta burguesía e parte da nobreza. (Doc. 14)

2.2. O clero

O clero era tamén un estamento privilegiado. Integrábanos dous grupos:

- O clero regular eran os monxes e as monxas, os abades e as abadesas, e outros membros das ordes monásticas e relixiosas.
- O clero secular comprendía o resto dos membros da Igrexa (sacerdotes de todos os tipos, cóengos segrares, etc.) e a xerarquía eclesíastica.

Os relixiosos formaban un numeroso grupo social nalgúns países europeos (España, Estados italianos, Francia, Polonia, Rusia, etc.). Igual ca os nobres, tampouco pagaban impostos, tiñan leis e tribunais propios, e outros privilexios. Ademais das rendas que lles proporcionaban as moitas terras que eran propiedade da Igrexa, recibían o décimo.



Doc. 14 A educación dos ricos, por Noël Hallé.

► A que estamento pertencen os personaxes representados nesta imaxe? Xustifica a resposta.

Dentro do clero tamén había gran diversidade. O alto clero (cardeais, arcebispos, bispos, etc.) tiña un gran poder económico e político e controlaba grandes riquezas. En cambio, a maioría dos sacerdotes, freires e monxas (baixo clero) vivían de forma moi modesta, incluso moitos deles na pobreza.

A consideración social do clero derivaba da súa función de interlocutor entre as persoas e Deus. A carreira eclesiástica era a vía para poder acceder desde o estado da xente do común a un estamento privilexiado.

***Estamento:** Cada un dos grupos sociais en que se dividía a sociedade do Antigo Réxime. Cada estamento tiña as súas propias leis e un réxime económico diferenciado.

2.3. A xente do común ou terceiro estado

A xente do común comprendía a maioría da poboación e compoñían grupos de diferente condición que só compartían unha característica: carecían de privilexios xurídicos e económicos. Tiñan, polo tanto, que pagar impostos e o seu traballo sustentaba o conxunto da sociedade.

A burguesía

A mellor posición dentro do terceiro estado correspondía á burguesía, un grupo moi amplo que incluía comerciantes, propietarios dos obradoiros e doutros negocios, rendistas, funcionarios, profesionais, médicos, artistas, homes de letras e científicos. (Doc. 15)

A pesar de ser un sector social básico para o desenvolvemento económico, o seu papel social era reducido polo monopolio do poder que exercían a aristocracia e a xerarquía eclesiástica. Excento en Inglaterra, Suíza e Provincias Unidas, onde a burguesía exercía un papel predominante, no resto de Europa a súa influencia política reducíase a ocupar algúns cargos municipais.

No século XVIII a burguesía comezou a mostrarse descontenta coa súa situación, pois pensaba que a súa posición económica debía traducirse en maior influencia política e social. Por iso, empezou a esixir a súa participación nos postos máis influentes da política, do Exército, da Administración e da Igrexa. Moitos burgueses enriquecidos intentaron ascender socialmente a través do matrimonio con membros da nobreza.



Doc. 15 A bendición, por Chardin.
A obra mostra unha vivenda burguesa.

► Como cres que era o estilo de vida deste grupo social?

ACTIVIDADES

5. **Define:** estamento, privilexio, aristocracia, burguesía, xente do común.
6. **Compara** as situacións que existían dentro de cada un dos estamentos:
 - Nobreza.
 - Clero.
 - Xente do común.
7. **Explica** cales eran as formas de acceder aos estamentos privilexiados desde a xente do común.
8. **Analiza** as formas de vida dos campesiños europeos do Antigo Réxime.

***Servos:** Campesiños que pertencían ás terras do señor e non podían abandonalas libremente.

Outros grupos urbanos

A maioría da poboación urbana non pertencía á burguesía. Eran **aprendices e oficiais** dos obradoiros, **empregados** das tendas e membros do **servizo doméstico** fundamentalmente. Carecían de propiedades, vivían dos seus escasos soldos e tiñan un nivel de vida modesto.

O último grupo na escala social era o dos **marxinados**, que abundaban nas cidades. Entre eles encontrábanse os pícaros, mendigos, delinquentes e prostitutas.

O campesiñado

A maioría da poboación europea durante o Antigo Réxime era campesiña. Boa parte da terra estaba nas mans da nobreza ou da Igrexa e os campesiños traballában como **arrendatarios**. Algúns eran servos*. Tamén había **campesiños propietarios** das súas terras e algúns incluso se enriqueceran. (Doc. 16)

Xeración tras xeración, os campesiños pasaban as súas vidas sen apenas moverse do seu lugar de nacemento. Constituían un **mundo pechado** pouco favorable aos cambios. En xeral, os niveis da simple subsistencia apenas se superaban. (Doc. 17)

Pero esta situación non evitou os **conflitos sociais** no mundo rural, movidos case sempre pola desigual distribución da propiedade da terra, os impostos e as malas colleitas. Francia foi o país que maior número de revoltas campesiñas coñeceu durante os séculos XVII e XVIII, en protesta polos elevados impostos reais, a presión señorial ou a carestía.

Doc. 16 Un campesiño rico en Alemaña.

Cando empecei a ter idade para recordar, o meu avó xa tería uns sesenta anos. Sabía ler e escribir, pero non eran as súas ocupacións predilectas. [...] Era un home de grande autoridade entre a xente da aldea. Da vila e dos arredores viñan pedirlle consello ou expoñerlle os seus litixios. Pero tamén era un excelente labrador, intelixente, enérxico e infatigable. Á alba no campo, rodeado dos seus peóns, non só ordenaba e dirixía, senón que, no caso necesario, precedíao no exemplo nos labores máis duros.

The reminiscences of Carl Schurz, 1907




► Por que cres que o avó do narrador tiña grande influencia entre os habitantes da súa aldea?

Doc. 17 Unha campesiña pobre en Francia.

Cando subía a pé unha longa costa para non cansar a miña egua, alcanzoume unha pobre muller que comezou a queixarse do tempo e da rexión. Pregunteille por que se queixaba e contestoume que o seu home só tiña un anaco de terra, unha vaca e un pobre cabalo e, aínda así, tiñan que pagar, ademais da talla e doutros impostos ao señor, unha renda dun franchar (42 libras) de trigo e tres galiñas e a outro catro franchar de avea [e] unha galiña [...]. Mirándoa de preto calcularíanselle sesenta ou setenta anos, [...] pero díxome que só tiña vinte e oito.

A. YOUNG, Travels in France and Italy during the years 1787, 1788, 1789, 1792



► Como era a vida dos campesiños pobres? Describe a escena que mostra a pintura.

3 O absolutismo e a súa práctica de goberno

A monarquía era a forma de goberno que dominou en Europa desde o século XVI ata finais do XVIII. Ao longo da Idade Moderna os reis foron incrementando o seu poder. Desde mediados do século XVII, seguindo o exemplo de Luís XIV en Francia, foise impondo a **monarquía absoluta**.*

3.1. A monarquía absoluta e os seus límites

Durante moito tempo, os historiadores defenderon que as monarquías absolutas eran moi poderosas. Segundo esta visión, os reis absolutos dirixían persoalmente o goberno sen necesitar o consentimento de asembleas representativas; contaban con gobernos e institucións centralizadas alleas aos poderes locais (municipios, provincias); e tiñan un exército permanente e unha burocracia capaces de impoñer as decisións do monarca e de castigar calquera forma de desobediencia.

Isto era o que os monarcas desexaban. En realidade, o poder do rei estaba limitado por tres feitos substanciais:

- **A resistencia dos poderes locais** ás demandas do Goberno central. A poboación obedecía ás autoridades locais, máis próximas ca o rei, un soberano afastado que nunca vían. No campo, os campesiños obedecían os señores feudais e, nas cidades, os concellos eran moi poderosos.
- **A falta dun control eficaz dos reis** sobre as tarefas de goberno, sobre todo nos grandes Estados. Os reis promulgaban moitas leis, pero eran incapaces de impoñelas, pois non contaban cunha Administración suficiente nin con funcionarios cualificados.

***Monarquía absoluta:** Forma de goberno en que o poder supremo está nas mans dunha soa persoa chamada rei, soberano, emperador, monarca ou príncipe.

Doc 18 Luís XIV, home e rei.

- Que medios se usaron para crear a imaxe pública de Luís XIV? Que mensaxe debía transmitir esta imaxe?
- Cal é o significado desta caricatura?
- Coñeces algún personaxe actual que teña unha imaxe creada artificialmente? Explica de quen se trata.

A DEBATE

A imaxe pública de Luís XIV

A imaxe pública dalgúns personaxes históricos foi creada por diferentes «medios propagandísticos». Este, segundo o historiador Peter Burke (*A fabricación de Luís XIV*), foi o caso do Rei Sol. O obxectivo desta «fabricación» foi glorificar a figura do monarca. Para iso, utilizáronse diferentes medios.

En numerosas obras de arte o rei era representado como un personaxe célebre da Antigüidade (Salomón, Alexandre Magno...) ou como un deus ou heroe da mitoloxía clásica (Apolo, Hércules...). Noutras ocasións aparecía acompañado de personificacións da Vitoria ou da Fama.

Os actos públicos en que participaba o rei transmitían sempre unha mensaxe propagandística, desde os acontecementos extraordinarios, como a súa coroación, en que foi unxido con óleo santo para mostrar o carácter «sagrado» da súa persoa, ata as súas entradas en París, realizadas á maneira romana, xa que o monarca atravesaba arcos de triunfo colocados no seu camiño. Tamén os actos da vida diaria de Luís XIV seguían un rixido cerimonial, desde que o primeiro axuda de cámara o despertaba e o rei era lavado, peiteado e afeitado, ata que se deitaba na presenza da corte.

O escenario de moitos destes actos foi o imponente palacio de Versalles, deseñado por orde de Luís XIV a partir dun pequeno palacete de caza. Neste palacio déronse algúns dos festexos ideados para mostrar a grandeza do rei, como o celebrado en maio de 1664, que durou varios días e incluíu representacións teatrais, bailes de máscaras, carreiras de cabalos, fogos de artifício e ata unha visita ao zoo do palacio.



Ludovicus.

Ludovicus Rex.

SISTEMA POLÍTICO FRANCÉS

REI

Poderes:

- Goberna.
- Elabora leis.
- Establece e recada os impostos.
- Forma e recruta o Exército.
- É a máxima instancia xudicial.

Obrigas:

- Non pode ceder ou vender o reino.
- Debe aplicar as leis de Deus.
- Ha de respectar as leis dos seus antepasados e os privilexios.

PARLAMENTOS

- Poden dar a súa opinión sobre as leis propostas polo rei.
- En ocasións poden participar na elaboración dalgúns leis.
- Aprobaban a creación de novos impostos.

Doc. 19 O absolutismo francés.

- Que poderes tiña, en teoría, o rei de Francia?

- As actitudes da aristocracia e doutros corpos sociais limitaban a autoridade dos reis. A promulgación de certas leis e o establecemento de novos impostos debían **contar coa aprobación das asembleas representativas**. Estas asembleas recibían distintos nomes segundo os países (Cortes, Parlamentos, Estados Xerais...). Non eran organismos democráticos, senón que os seus membros unicamente representaban os poderosos: a nobreza, o clero e a alta burguesía das cidades máis importantes.

(Doc. 19)

Aínda que o termo *absolutismo* só resultaría apropiado para certos Estados pequenos (Dinamarca, Portugal ou Saboia-Piemonte), **as grandes monarquías dispoñían dun amplo poder, restrinxido parcialmente polos poderes mencionados.**

A práctica do goberno absoluto

Para gobernar eficazmente, os reis fixeron dúas cousas: intentaron ampliar o control sobre os seus territorios e **buscaron a alianza dos poderosos**, sobre todo da nobreza. A cambio desa cooperación, os reis víronse obrigados a manter o poder e a autonomía dos señores feudais, das autoridades locais, dos gremios, da Igrexa e moitos funcionarios poderosos que compraran os seus cargos e que os transmitían de xeración en xeración.

Así mesmo, mantívose o sistema fiscal, polo que **a nobreza e o clero seguiron sen pagar impostos**. Este sistema era inxusto e tamén moi ineficaz, pois limitaba enormemente os ingresos do Estado.

Nin tan sequera a xustiza era impartida exclusivamente polo rei. O Goberno estaba obrigado a protexer a poboación e as súas propiedades, administrar xustiza e impoñer orde. Pero **dentro dos señoríos xurisdiccionais era o señor o que impartía xustiza.**


O despotismo ilustrado

Durante o século XVIII, na maioría dos países europeos impuxéranse monarquías absolutas. **Os reis deste século desexaban manter e incluso ampliar o seu poder, pero, á vez, tamén eran conscientes de que os seus países sufrían graves problemas económicos e sociais que había que resolver.** Para conseguilo, formularon unha política de reformas baseadas nas ideas dunha corrente filosófica nova, a Ilustración. Por esta razón, fálase de **despotismo ilustrado** para referirse ás monarquías absolutas do século XVIII. (Doc. 20)

O despotismo ou absolutismo ilustrado do século XVIII inscribíase, pois, na liña do absolutismo monárquico do século anterior, isto é, do reforzamento do Estado e do desenvolvemento do capitalismo comercial nas mans dunha burguesía que proporcionaba administradores e financeiros á monarquía. **O absolutismo ilustrado intentaba, polo tanto, reforzar o poder do Estado sen cambiar ningún dos seus fundamentos.**

A **política de reformas** atacou varias fronteiras. Por unha parte, continuouse intentando reforzar o Estado, centralizar a Administración, profesionalizar o Exército e reducir o poder dos Parlamentos e doutras institucións. Por outra parte, procurouse mellorar a economía a través do desenvolvemento da industria e do comercio, e tamén do avance da ciencia e da educación.

Con todo, **ningunha destas reformas alterou a base do Antigo Réxime.** O despotismo ilustrado intentaba reformar a sociedade sen cambiar as súas estruturas, o que a medio prazo se mostrou imposible.



Doc. 20 Federico o Grande en Potsdam dialogando con Voltaire.

- Que relación tiveron os reis absolutos do século XVIII coas novas correntes culturais?
- Busca en Internet información sobre o goberno de Federico o Grande e escribe un informe.

3.2. Os réximes parlamentarios

Aínda con todo, non en toda Europa había monarquías absolutas. Ao longo do século XVII, nas Provincias Unidas e en Inglaterra impuxéronse réximes parlamentarios, en que as clases medias lograron participar no exercicio do poder político.

- En **Inglaterra** os reis intentaron consolidar o absolutismo, pero o Parlamento promoveu dúas revolucións na defensa dos seus dereitos: a primeira acabou coa execución do rei Carlos I en 1649, e a segunda, coa destitución e exilio do rei Xacobe II en 1688. Un ano despois o novo rei, Guillermo III, tivo que asinar unha Declaración de Dereitos (*Bill of Rights*) que sometía os poderes do rei ao Parlamento, sobre todo en materia fiscal e política exterior. (Docs. 21, 22 e 23)
- Nas **Provincias Unidas**, tras a rebelión contra a dominación española instaurouse unha república, é dicir, o país xa non estaba gobernado por un rei. O territorio estaba formado por sete provincias, cada unha co seu propio Parlamento, que se unían nos Estados Xerais para tomar decisións comúns.

Doc. 21 O triunfo do parlamentarismo en Inglaterra.


Nestas circunstancias, os chamados Lords e os Comúns [...] constituíndo a representación plena e libre da nación [...], declaran:

- 1.º Que o pretendido poder da autoridade real de suspender as leis ou de executar leis sen o consentimento do Parlamento é ilegal.
- 2.º Que o pretendido poder da autoridade real de conceder as leis e de executalas [...] é ilegal. [...]
- 6.º Que as eleccións dos membros do Parlamento deben ser libres. [...]
- 9.º Que nin a liberdade de palabra, nin a dos debates ou procesos no seo do Parlamento pode ser coartada [...].
- 10.º Que para encontrar [...], corrixir, [...] as leis, é necesario reunir frecuentemente o Parlamento.

Declaración de Dereitos aprobada polo Parlamento inglés en 1689 (*Bill of Rights*)

- Que límites estableceu a Declaración de Dereitos ao monarca inglés?
- Que institución saíu fortalecida desta reforma legal?

Doc. 22 División de poderes no sistema político inglés tras 1689.



- Que poderes asignaba este sistema ao Parlamento e ao rei?
- En que se diferenciaba este sistema político do francés?



Doc. 23 A Cámara dos Comúns do Parlamento británico arredor de 1714.

- Busca en Internet fotografías da actual Cámara dos Comúns e compara o seu aspecto co que tiña no século XVIII.

ACTIVIDADES

9. **Define:** absolutismo, despotismo ilustrado, parlamentarismo.

10. **Analiza:**

- Se na práctica un rei absoluto gobernaba sen render contas da súa xestión ante ninguén.
- Que papel desempeñaba a nobreza no funcionamento das monarquías absolutas.
- Que caracterizou o sistema fiscal das monarquías absolutas.

Doc. 24 A guerra como instrumento de poder.

Preguntoume cales eran as causas ou motivos que xeralmente conducían a un país a guerrear con outro. Contesteille que eran innumerables e que ía mencionarlle soamente algunhas das máis importantes. Unhas veces, a ambición de príncipes que nunca consideran que teñen bastantes terras e xente sobre a que mandar; outras, a corrupción de ministros que comprometen o seu señor nunha guerra para afogar ou desviar o clamor dos súbditos contra a súa mala administración. A diferenza de opinións custou moitos miles de vidas. Por exemplo: [...] se o zume de certo gran era sangue ou viño; [...] que cor era mellor para unha chaqueta, se negra, branca, vermella ou gris, e se debía ser longa ou curta, larga ou estreita, sucia ou limpa [...]. E non houbo guerras tan sanguentas e furiosas, nin que se prolongasen tanto tempo, coma as ocasionadas por diferenzas de opinión, en particular se era sobre cousas indiferentes.

J. SWIFT, *As viaxes de Gulliver*, 1726

► Cal é a intención de Swift ao describir as razóns polas que os países van á guerra?

***Pactos de familia:** Tratados asinados entre os Borbóns de Francia e España en 1733, 1743 e 1761 para tratar de frear a superioridade británica.

***Statu quo ante:** Expresión latina que significa «situación existente antes de». En dereito internacional aplícase á situación que prevalece no momento de que se fala ou cando se negocia un acordo.

4 As relacións internacionais no século XVIII

O século XVIII comezou coa guerra de Sucesión española, conflito que finalizou cos **Tratados de Utrecht-Rastatt** (1713-1714), que tiveron importantes consecuencias no plano internacional.

Francia perdeu a súa supremacía no continente europeo e España tivo que ceder as súas posesións en Centroeuropa e Italia. Os tratados estableceron o sistema de **equilibrio continental**, que tiña como obxectivo principal evitar que ningún país alcanzase en Europa a hexemonía sobre os demais.

A pesar deste equilibrio de poder no continente, o século XVIII foi un **século de preponderancia británica**, baseada na **supremacía marítima**, que foi disputada por outras tres potencias europeas: **Francia**, que loitaba por recuperar a hexemonía; **Austria**, con intereses no leste e no oeste de Europa, e **España**, que trataba de recuperar o perdido en Utrecht. A estas potencias sumáronse outras que adquiriron protagonismo neste século: **Rusia**, que defendía a influencia no leste, e **Prusia**, potencia militar emergente. Outros Estados perderon peso en Europa: Provincias Unidas, Imperio turco, Portugal, Piemonte e Polonia.

4.1. Diplomacia e exércitos

A diplomacia adquiriu un **papel destacado** no século XVIII, con embaixadores de orixe nobre, diplomáticos ben formados, correspondencia secreta e legacións permanentes noutros Estados. Foi común a **dobre diplomacia**, a **oficial** e a **secreta** (espías que informaban os reis e os seus secretarios). Nas monarquías absolutas, todos os asuntos relativos á guerra e á paz ou á alta política do Estado estaban reservados ao monarca e ao seu círculo máis próximo. Só en Reino Unido o Parlamento participaba nas decisións relacionadas con estes temas.

O século XVIII foi unha época de **guerras e conflitos internacionais case continuos**. Os **efectivos dos exércitos aumentaron** e realizáronse **algunhas melloras**: formación dos altos mandos en academias militares e evolución da táctica militar (maior mobilidade das tropas con armas lixeiras, aumento do calibre da artillaría e frotas navais máis efectivas).

4.2. Guerra e paz no século XVIII

A **península italiana** foi motivo de enfrontamento durante todo o século XVIII entre España, Francia, Austria e Reino Unido. Francia, Reino Unido e España disputaron tamén pola **América caribeña** e **América do Norte**. Ás disputas territoriais e comerciais sumábanse as de carácter dinástico.

(Doc. 24) Os Habsburgo e os Borbón enfrontáronse por recuperar a hexemonía en Europa; os Hannover, que reinaban en Reino Unido, disputaron o dominio do norte con Rusia, Prusia e Suecia.

Filipe V de España, descontento cos resultados de Utrecht, intentou recuperar as posesións italianas perdidas (**revisiónismo**) mediante o seu matrimonio con Isabel de Farnesio e a axuda do ministro Alberoni, que logrou ocupar Sicilia e Sardeña. Pero o resultado foi negativo, pois tanto Austria coma Francia, aliada con Reino Unido, obrigaron a ceder a Alberoni, e España tivo que renunciar a ambos os territorios.



O revisionismo español pódese considerar o antecedente dunha serie de guerras que ameazaron o equilibrio europeo. Entre elas destacan a guerra de Sucesión de Polonia (1733-1738) e a guerra de Sucesión de Austria (1740-1748).

Con todo, o conflito máis importante foi a **guerra dos Sete Anos (1756-1763)**. Enfrontou a Francia –aliada con España polos pactos de familia*, Austria e Rusia contra Prusia, aliada con Reino Unido. Foi a guerra máis violenta do século e involucrou a Europa, América, a India e as costas de África. O **final da guerra** non modificou o *statu quo ante** **en Europa** e a única potencia beneficiada foi a Rusia de Catalina a Grande. Mentres, **no ámbito colonial** os británicos gañaron o seu pulso aos franceses, coa ocupación de Québec e Montreal (1759-1760), parte da India (1761) e a Florida á conta de España (Paz de París, febreiro de 1763).

Un dos efectos da guerra dos Sete Anos foi a alteración do equilibrio europeo no leste. **Polonia foi repartida** entre Prusia, Austria e Rusia en 1772 (primeira repartición) e de forma definitiva entre 1793 e 1795 (segunda e terceira reparticións). (Doc. 25)

O outro resultado foi a **pugna entre Francia e Reino Unido polo dominio de América do Norte**, en que o proceso de independencia de Estados Unidos (1776-1783) propiciou a intervención franco-española a favor dos insurxentes e contra a Coroa británica. Reino Unido recuperouse axiña desta perda.

O **balance** deste século de guerras, paces e alianzas foi que **se mantivo o sistema de equilibrio** e ningunha potencia se impuxo ás demais.

Doc. 25 Cambios territoriais na Europa do século XVIII.

- Que Estados se engrandeceron territorialmente no século XVIII?
- Que reino desapareceu neste século?

ACTIVIDADES

- Define:** equilibrio continental, pactos de familia.
- Explica** as consecuencias a curto e longo prazo da guerra dos Sete Anos.
- Avalía** os obxectivos e os resultados do sistema de equilibrio continental instaurado en Europa no século XVIII.



Doc. 26 Retrato do químico Lavoisier e a súa muller, por J. L. David.

Investiga e explica as achegas que realizou Lavoisier á química.

Doc. 27 As ciencias útiles.

Eu non me deterei en asegurar [...] que estas luces e coñecementos só poden derivarse do estudo das ciencias matemáticas, da boa física, da química e da mineraloxía; facultades que ensinaron aos homes moitas verdades útiles, [...] e a quen a agricultura, as artes e o comercio de Europa deben os rápidos progresos que fixeron neste século. [...] E en efecto [...] Como sen a química, poderá adiantarse a arte de tinguir e estampar as fábricas de louza e porcelana, nin as manufacturas traballadas sobre varios metais?

G. M. DE JOVELLANOS, *Discurso sobre a necesidade de cultivar no Principado o estudo das ciencias naturais*, 1782

- Segundo os ilustrados, que relación había entre a ciencia e a técnica?

5

Ilustración e crítica ao Antigo Réxime

A etapa final do Antigo Réxime, o século XVIII, caracterizouse pola aparición e polo desenvolvemento dunha nova forma de pensar e de ver a realidade. A súa idea básica residía no **uso da razón e na liberdade** como instrumentos de emancipación persoal e intelectual do ser humano.

5.1. Orixe e expansión da Ilustración

A Ilustración iniciouse no período 1680-1730 en **Ingllaterra e nas Provincias Unidas**, e difundíuse posteriormente a Francia e algunhas rexións de Italia e dos Estados alemáns. Desde mediados do século XVIII, a súa expansión xeneralizouse por toda Europa e **Francia converteuse no centro de difusión do ideario ilustrado**. Ás ideas acompañaron reformas nas grandes monarquías europeas: Prusia, Austria, España, Francia, Inglaterra, etc. Foi a época do **«reformismo ilustrado»**, que se desenvolveu entre 1760 e 1789.

Os **focos principais** foron as cidades portuarias (Anvers, Londres e Hamburgo) e as grandes capitais da Europa daquel século: París, Viena, Madrid, Lisboa, Berlín e San Petersburgo. O mundo rural estivo afastado destes novos aires renovadores que traían os pensadores ilustrados.


A Ilustración foi un fenómeno europeo. Pero axiña as súas ideas se estenderon por moitos dos territorios coloniais das potencias europeas, especialmente pola América hispana e británica.

5.2. As bases do pensamento ilustrado

A Ilustración foi un fenómeno con múltiples facetas. Os seus postulados afectaron a case todos os aspectos da vida das persoas. As características esenciais do pensamento ilustrado foron:

- O **predominio da razón** como criterio de verdade fronte á tradición, ao sobrenatural e á superstición.
- A **crítica** como instrumento de censura daqueles trazos da sociedade, da cultura ou da relixión que se opoñían á razón.
- A defensa da **autonomía do poder civil**, que incluso debía controlar o poder eclesiástico.
- A **tolerancia relixiosa** como expresión da pluralidade de crenzas e de ideas.
- Un elevado interese pola **economía** e o **progreso material** como medio para alcanzar a felicidade terreal.
- A **educación** como instrumento para difundir a razón, polo que era conveniente que fose dirixida polo Estado.
- O interese polas **ciencias experimentais** ou «útiles» e o sentido práctico dos seus avances. (Docs. 26 e 27)

O filósofo alemán Immanuel Kant cría na Ilustración como medio de emancipación do ser humano para que saíse da súa «minoría de idade». O seu lema, *Sapere aude*, Atrévete a saber!, resumía esa idea. Foi, pois, unha actitude global que **postulaba unha concepción da vida que tiña como centro o ser humano**, que debía liberarse das limitacións que lle impoñían a tradición social, o exercicio da política e o peso da relixión.



Doc. 28 Lectura da traxedia de Voltaire
O orfo de China, no salón de madame Geoffrin, por Lemonnier.

Os salóns da nobreza convertéronse en lugar de reunión dos ilustrados.

► Que grupo se encontra representado nesta pintura de finais do século XVIII?

Agora ese novo «home ilustrado», guiado polas «luzes» do saber e da razón, víase capaz de dominar a natureza, estudala e comprendela a través da ciencia experimental e da análise racional, o que o faría «feliz». A felicidade aparecía como o grande obxectivo alcanzable por cada ser humano como individuo e como ser social.

A maioría dos ilustrados foron crentes e permaneceron fieis ás súas crenzas relixiosas, aínda que con certas dúbidas e críticas á relixiosidade popular, á superstición e ás tradicións. Uns poucos, con todo, fixeron aberta crítica da relixión, pois consideraban que negaba a razón e que era instrumento do fanatismo e da intolerancia.

As **bases sociais** da Ilustración encontrábanse nas «clases educadas»: aristócratas, sacerdotes e outros sectores do clero, médicos, funcionarios, militares, avogados e comerciantes. Nesta corrente participaron as mulleres, aínda que de forma minoritaria. (Doc. 28) O grupo que protagonizou este cambio ideolóxico formábanos os «filósofos»: así se lle chamou en Francia ao grupo que levou a cabo a grande obra da *Enciclopedia* e a outros ilustrados destacados. (Docs. 30-34)

Os ilustrados defendían a liberdade de comercio. O **liberalismo** desenvolveu tamén un pensamento económico baseado na liberdade de mercado. Foi a base ideolóxica da Revolución Industrial.

5.3. Os grandes pensadores ilustrados

Locke, o precursor

John Locke (1632-1704), pensador e filósofo inglés, exerceu unha grande influencia no pensamento político, social e relixioso da Ilustración europea. As súas **obras fundamentais** foron o *Ensaio sobre o coñecemento humano* (1690), os *Dous tratados sobre o goberno civil* (1690) e as *Cartas sobre a tolerancia* (1689).

A súa obra foi o **fundamento do liberalismo político**. Criticou o absolutismo e defendeu o dereito de rebelión fronte á tiranía. Pensaba que o poder debía dividirse: uns debían aprobar as leis (poder lexislativo) e outros debían gobernar (poder executivo). Se o poder se usaba mal, os súbditos tiñan dereito a rebelarse. Opinaba que os homes son libres e iguais por natureza, pero para manter eses principios era preciso un dereito político baseado nun pacto social. (Doc. 29)

Doc. 29 A sociedade civil.

Na súa consecuencia, sempre que certo número de homes se unen en sociedade renunciando cada un deles ao poder de executar a lei natural, cedéndoo á comunidade, entón e só entón se constitúe unha sociedade política ou civil. Ese feito prodúcese sempre que certo número de homes que vivían no estado de natureza se asocian para formar un pobo, un corpo político, sometido a un Goberno supremo, ou cando alguén se adhire e se incorpora a calquera Goberno xa constituído. Por ese feito autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, ao seu poder lexislativo, para facer as leis no seu nome segundo conveña ao ben público ou da sociedade, e para executalas sempre que se requira a súa propia asistencia (coma se se tratase de decisións propias súas). Iso é o que saca os homes dun estado de natureza e os coloca dentro dunha sociedade civil.

J. LOCKE, *Dous tratados sobre o goberno civil*, 1690

► Segundo Locke, que permite ao ser humano pasar do estado de natureza á sociedade civil?



Doc. 30 Propósito da *Enciclopedia*.

OU
DICTIONNAIRE RAISONNÉ
DES SCIENCES,
DES ARTS ET DES MÉTIERS,

PAR UNE SOCIÉTÉ DE GENS DE LETTRES.

Mis en ordre & publié par M. DIDEROT, de l'Académie Royale des Sciences & des Belles-Lettres de Paris; & quant à la Partie MATHÉMATIQUE, par M. D'ALEMBERT, de l'Académie Royale des Sciences de Paris, de celle de Prusse, & de la Société Royale de Londres.

Tantum veritas, tantum honor!
Tantum de moribus, tantum de hominibus. HORAT.

TOME PREMIER.



A PARIS,

Chez BRISSON, au Salon de Peinture, à la Saint-
David l'aîné, au Salon de Peinture, à la Plume d'Or,
LE BRETON, Imprimeur ordinaire du Roy, rue de la Harpe,
DURENNE, rue des Capucins, à Saint-Eustache, & au Griffon.

M. DCC. LII.

AVEC APPROBATION ET PRIVILEGE DU ROY.

A obra que comezamos (e que desexamos terminar) ten dous obxectivos: en canto que *Enciclopedia*, debe expoñer na medida do posible a orde e o encaideamento dos coñecementos humanos; en canto que *Dicionario razoado das ciencias, das artes e dos oficios*, debe conter sobre cada ciencia e sobre cada arte, xa sexa liberal, xa manual, os principios xerais en que se basea e os detalles máis esenciais que constitúen o seu corpo e a súa substancia.

D'ALEMBERT,

«Discurso preliminar» da *Enciclopedia*, 1751

- Cales eran os obxectivos que formulou D'Alembert ao iniciar a *Enciclopedia*?

A *Enciclopedia*

En Francia formouse un grupo de filósofos que se definiron pola súa acti de crítica, a súa vocación pedagóxica e a súa vinculación co mundo real que vivían. O primeiro volume da *Enciclopedia* ou *Dicionario razoado das ciencias, das artes e dos oficios* viu a luz en 1751 e foi a grande obra des grupo. Na *Enciclopedia* defendían a tolerancia, a modernización da economía e o interese pola ciencia e pola técnica. (Doc. 30)

Os seus directores foron o matemático Jean Le Rond d'Alembert (1717-1783) e o filósofo Denis Diderot (1713-1784), quen tivo como inspiradores Bacon, Newton e Locke, os grandes pensadores ingleses do século anterior. De vida accidentada, a *Enciclopedia* concluíuse en 1772, con 28 volumes máis seis de suplementos (1776-1780). Nela colaborou o máis destacado ilustración francesa. Axiña foi traducida a varias linguas e reimprimiuse en varias ocasións.



Doc. 31 Tertulia de Diderot.

- Por que se considera que Francia foi o corazón do pensamento ilustrado?
- Investiga sobre a vida e a obra do filósofo Denis Diderot.

O pensamento político e social da Ilustración

Os grandes pensadores políticos e sociais do século XVIII foron tres filósofos franceses: Montesquieu, Voltaire e Rousseau.

- O barón de Montesquieu (1689-1755) era un admirador das institucións británicas. A súa obra fundamental foi *O espírito das leis* (1748). Para evitar o abuso de poder, defendeu a **división de poderes**, seguindo o modelo inglés: o poder lexislativo correspondía aos Parlamentos, en que debían estar representados todos os grupos sociais; o poder executivo debía estar nas mans do rei; e o poder xudicial debía ser independente. A división de poderes foi a súa maior achega á historia do pensamento político, e a súa herdanza chega ata os nosos días. (Doc. 32)

■ **Voltaire** (1694-1778) era inimigo do fanatismo, da intolerancia e da superstición relixiosa. Os seus traballos máis representativos foron o *Tratado sobre a tolerancia* (1763) e o *Dicionario filosófico* (1764), dous bastións na defensa da razón ilustrada fronte ao fanatismo e a ignorancia. Entre os seus escritos literarios, destaca *Cándido ou o optimismo* (1759), onde satirizaba moitos aspectos da sociedade do seu tempo. (Doc. 33)

■ **Jean-Jacques Rousseau** (1712-1778). As súas teorías sociais, políticas e educativas encóntranse en cinco traballos fundamentais: os *Discursos sobre as ciencias e as artes* (1750), os *Discursos sobre a orixe e fundamentos da desigualdade entre os homes* (1755), o *Emilio* (1762), *O contrato social* (1762) e as *Confesións* (1782-1789). (Doc. 34)

Nos *Discursos* consideraba a sociedade en que vivía como corrupta, dominada pola sede de riqueza, a competitividade e a inxustiza, o que o afastou de Voltaire e dos enciclopedistas. No *contrato social* defendeu que o ser humano é bo por natureza, pero a sociedade corrómpeo converténdoo nun ser insolidario; por iso as persoas establecen unha lei de obrigado cumprimento que regule a convivencia social e ceden a súa soberanía a un poder superior, representado nun Goberno e nunhas institucións. Estes teñen a obriga de legislar e gobernar para o ben común, ou do contrario as persoas poden rebelarse e depoñelos.

Doc. 32 A división de poderes segundo Montesquieu.



Hai en cada Estado tres clases de poderes: o poder legislativo, o poder executivo dos asuntos que dependen do dereito de xente e o poder executivo dos que dependen do dereito civil.

Polo poder legislativo, o príncipe, ou o maxistrado, promulga leis para certo tempo ou para sempre, e emenda ou derroga as existentes. Polo segundo poder, dispón da guerra e da paz, envía ou recibe embaixadores, establece a seguridade, prevén as invasións. Polo terceiro, castiga os delitos ou xulga as diferenzas entre particulares. Chamaremos a este poder xudicial e ao outro, simplemente, poder executivo do Estado. [...]

Todo estaría perdido se o mesmo home, o mesmo corpo de persoas principais, dos nobres ou do pobo, exercese os tres poderes: o de facer as leis, o de executar as resolucións públicas e o de xulgar os delitos ou as diferenzas entre particulares [...].

Barón de MONTESQUIEU,
O espírito das leis, 1748

▶ Comenta o significado do último parágrafo.

Doc. 33 Como impedir os tremores de terra.



Logo do tremor de terra que destruíra as tres cuartas partes de Lisboa, os sabios do país non encontraron un medio máis eficaz para impedir a ruína total que darlle ao pobo un magnífico auto de fe: decidíu a Universidade de Coímbra que o espectáculo dalgunhas persoas queimadas a lume lento e con grandes cerimoniais, era un segredo infalible para impedir que a terra tremese.

En consecuencia colleuse a un biscaíño convicto de casar coa súa comadre, e a dous portugueses que, ao comer un polo, lle quitaran a graxa. Despois da comida viñeron atar o doutor Pangloss e o seu discípulo Cándido, a un por falar e a outro por escoitar [...].

Oito días despois [...] Cándido foi azoutado a compás mentres cantaban; o biscaíño e mais os dous homes que non quixeran comer graxa foron queimados [...]. Pangloss foi aforcado [...]. O mesmo día a Terra volveu tremer cun estrondo terrible.

VOLTAIRE, *Cándido ou o optimismo*, 1759

▶ Que é o que critica Voltaire neste texto?

ACTIVIDADES

14. **Define:** Ilustración, *Enciclopedia*, separación de poderes.

15. **Explica:**

- Quen foron os precursores da Ilustración e que ideas achegaron.
- Onde se iniciou o movemento ilustrado e por onde se difundiu.

16. **Analiza** as características fundamentais do pensamento ilustrado e explica en que se opoñían ao Antigo Réxime.

17. **Valora** as achegas dos pensadores ilustrados que continúan viventes.

Doc. 34 O contrato social e os seus efectos, segundo Rousseau.



Este tránsito do estado de natureza ao estado civil produce no home un cambio moi importante, substituindo na súa conduta o instinto pola xustiza e dando ás súas accións o carácter moral que antes lles faltaba [...].

Unicamente entón, cando a voz do deber sucede ao impulso físico e o dereito ao apetito, o home [...] vese obrigado a [...] consultar a razón antes de escoitar as súas inclinacións [...].

O que o home perde polo contrato social é a súa liberdade natural e o seu dereito ilimitado a todo o que o tenta e pode alcanzar; o que gaña é a liberdade civil e a propiedade de todo o que posúe. Para non enganarse nestas compensacións, hai que distinguir ben a liberdade natural, que non ten outros límites que as forzas do individuo, da liberdade civil, que está limitada pola vontade xeral, e a posesión, que non é máis que o efecto da forza ou o dereito do primeiro ocupante, da propiedade, que só pode fundarse nun título positivo.

J.-J. ROUSSEAU, *O contrato social*, 1762

▶ Que gañan e que perden as persoas ao adquirir o estado civil?